

## CADEA DE DESPERDICIO

### Con esta actividade traballamos:

Fases e actores involucrados no desperdicio de alimentos.  
 Concienciación fronte ao malgasto de alimentos.  
 Responsabilidade como consumidores.  
 Os ODS 2, 12, 14 e 15.

### Durará

Unha sesión

### Necesitaremos:

O ideal sería utilizar alimentos de plástico. En caso de non poder ser, poden valer pelotas ou pezas de construción, calquera cousa cun certo tamaño que axude nunha actividade que é esencialmente visual. Consideramos que o mínimo adecuado serían 45 pezas.

**Ciclo:** 2, 3

### Consideracións previas:

Segundo o número de pezas que se utilicen variarán as cantidades para poñer. Para 45 como recomendamos, as cantidades serían as seguintes: Tíranse ao lixo 1/3 dos alimentos, é dicir 15 pezas.  
 A cantidade de pezas de alimentos que tirará cada un/unha dos elos da cadea alimentaria dependerá da porcentaxe reflectida na seguinte lista<sup>1</sup>.

**Produción:** 2 pezas (**11%**).

**Procesado e distribución:** 3 pezas (**19%**).

**Venda:** 1 peza (**5%**).

**Servizos alimentarios** (restaurantes, cociñas de hospitais, de colexios, etc.): 2 pezas (**12%**).

**Fogares:** 8 pezas (**50%**).

Deixamos en branco as tarxetas do anexo por se se varían as cantidades de pezas.

### Desenvolvemento

Escribimos no encerado o nome de cada un dos actores da cadea: Producción – Procesado/transporte – Vendas (retallistas e almacenistas) – Consumidor, e explicamos ao grupo, que imos reflexionar sobre a cantidade de alimentos que acaban no lixo ao longo do proceso que vai desde que son producidos ata que son consumidos.

Poñemos as pezas sobre a mesa.

Pedimos a cinco persoas que nos axuden<sup>2</sup> e colocámoslles ao carón da mesa. Entregamos as tarxetas do anexo<sup>3</sup> aos/as colaboradores/as.

Pedimos a cada un/a de os/as colaboradores/as que colla da chea e tire ao lixo o número de pezas de froita que pon na súa tarxeta, sen dicir que papel representa.

<sup>1</sup> Fonte: Fusión 2016 os datos refírense a UE28

<sup>2</sup> Referímonos a estes como colaboradores/as a partir de agora

<sup>3</sup> Procurando que non estean no mesmo orde que puxemos no encerado: Producción – Procesado/Transporte – Venda – Servizos alimentarios – Fogares

Unha vez que todos/as terminaron, poñemos nunha chea as pezas que quedan sobre a mesa e envorcamos á beira a papeleira, lembrando que eses son os alimentos que terminaron no lixo ao longo de todo o proceso.

**Hai que reflexionar**

Ao terminar, reflexionar con preguntas como estas.

- Pedímoslles que comparen ambas as cheas, nese momento explicámoslles a porcentaxe que representan e que leva a que en Europa tiremos ao lixo un terzo dos alimentos que se producen. Que sentimos ao coñecer as cifras do desperdicio total de alimentos?
- Retomamos o escrito no encerado, lembrando o número de pezas tiradas por cada un/unha dos colaboradores/as: A que parte da cadea de alimentación creedes que representa cada un/unha? Tras deixar que opinen na clase, pedir que os/as colaboradores digan que actores da cadea representaban.
- Sorprendéronnos as cantidades que tirou cada un/unha?
- Dentro da cadea de malgasto quen son os que máis desperdician? Sorprendeunos que sexamos os fogares os que máis comida tiramos ao lixo?
- Somos conscientes da importancia que temos como consumidores á hora de desperdiciar tanta comida?

**Es o/a produtor/a:**

RETIRA \_\_\_\_ PEZAS

**Es a empresa encargada do  
procesamento e distribución:**

RETIRA \_\_\_\_ PEZAS

**Es o/a encargado/a de vender os  
produtos:**

RETIRA \_\_\_\_ PEZAS

**Es un restaurante:**

RETIRA \_\_\_\_ PEZAS

**Es o consumidor/a:**

RETIRA \_\_\_\_ PEZAS